

CONCELLO DE RIANXO - - PROVINCIA DE A CORUÑA-

ACTA Nº 9-2014 DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO MUNICIPAL

- DIA 26/06/2014-

Marxe que se cita:

Presidente:

ADOLFO F. MUIÑOS SANCHEZ.- (BNG)

Concelleiros/as asistentes:

ADELINA CES QUINTANS (BNG)

XOAN VICENZO CES RODRÍGUEZ (BNG)

HADRIANA ORDOÑEZ OTERO (BNG)

Mª TERESA SOBRADELO IGLESIA.- (BNG)

JOSE CARLOS GEY HERMO (PSOE)

SONIA CASTAÑO EIRAS (PSOE)

Mª OLGA GONZÁLEZ DOURADO (PSOE)

ANA MARIA AGRELO REY (PSOE)

Mª VANESA MARTÍNEZ DURAN (PP)

Mª DE LAS NIEVES VICENTE VARELA (PP)

JOSE RICARDO BESADA GESTO (PP)

ELISA BOUZAS VICENTE (PP)

ANA MARIA EITOR VIDAL (PP)

Concelleiros ausentes:

JOAQUIN DOMINGUEZ SALGADO (PSOE)

JOSE LUIS CASTIÑEIRAS LESENDE(PP)

CONSTANTINO CASTAÑO CALVO (BNG)

Secretaria:

Carolina Costoya Pardo

Na Casa Consistorial de Rianxo, no día de hoxe ás 20:00 baixo a Presidencia do Sr.Alcalde reúnen os/as señores/as Concelleiros/as que á marxe se indican coa asistencia da Secretaria da Corporación, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión do Pleno Municipal.

Constatada a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente (cando menos 1/3 do número legal), polo Sr.Presidente declárase aberta a sesión e procédese a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

2º.- DACION DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDIA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO.

3º.- MOCIONS DE URXENCIA

4º.- ROGOS E PREGUNTAS

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Acta Nº 6 Sesión ordinaria do día 29/05/2014

O Presidente preguntalle aos Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta indicada.

Non habendo observacións ao respecto, polos votos a favor dos 14 concelleiros presentes,

dos 17 que legalmente conforman o pleno, queda aprobada a acta citada.

Acta Nº 7 Sesión extraordinaria urxente do día 12/06/2014

O Presidente pregúntalle aos Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta indicada.

Non habendo observacións ao respecto, polos votos a favor dos 14 concelleiros presentes, dos 17 que legalmente conforman o pleno, queda aprobada a acta citada.

Acta Nº 8 Sesión extraordinaria urxente do día 13/06/2014

O Presidente pregúntalle aos Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta indicada.

Non habendo observacións ao respecto, polos votos a favor dos 14 concelleiros presentes, dos 17 que legalmente conforman o pleno, queda aprobada a acta citada.

2.- DACION DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDIA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO

2.A) A Presidencia da conta das Resolucións de Alcaldía ditadas dende o día 01/05/2014 ata o 31/05/2014, que comprenden os números 195/2014 ao 252/2014, cuxa relación facilitouse aos voceiros dos grupos municipais.

Non se producen intervencións.

O Pleno da Corporación DÁSE POR ENTERADO.

2.B) A Presidencia da conta das Actas das Xuntas de Goberno Local que se indican a continuación e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión:

- Acta Nº 9 da Sesión ordinaria do día 13/05/2014
- Acta Nº 10 da Sesión ordinaria do día 27/05/2014

Non se producen intervencións.

O Pleno da Corporación DÁSE POR ENTERADO.-

3.- MOCIONS DE URXENCIA

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día e antes de pasar a quenda de rogos e preguntas, ábrese o punto de mocions de urxencia.

3.1.- MOCION DO BNG A PROL DO DEREITOS DAS PERSOAS LESBIANAS, GAIS, TRANSEXUAIS, BISEXUAIS E INTERSEXUAIS.-

A) URXENCIA DA MOCIÓN:

A voceira do BNG, Adelina Ces Quintáns xustifica a urxencia na inmediatez do día 28 de

xuño en que se conmemoran os dereitos deste colectivo.

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando **Ratificada a urxencia por unanimidade**, cos votos a favor do total de 14 concelleiros presentes (5 dos membros do BNG, 4 dos do PSdeG-PSOE, 5 dos do PP) dos 17 que legalmente constitúen a corporación, polo tanto maioría absoluta.

B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

<< EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O vindeiro 28 de xuño é o Día Internacional polos dereitos das persoas lesbianas, gais, bisexuais, transexuais e intersexuais, un día que ten que servir para demandar unha maior atención sobre a necesidade de traballar contra a discriminación e de facer visíbel unha realidade plural que moitas veces non existe por ser invisibilizada social e politicamente. Cómpre, neste sentido, que a institución municipal desenvolva un labor neste sentido e planifique accións e actividades ao longo de todo o ano, o que non colide co feito de facer patente, de maneira moi especial arredor desta data, o compromiso das institucións públicas para coas reivindicacións da comunidade LGTBI.

Este mesmo ano, o Parlamento de Galiza aprobou a *Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galiza*, unha lei que o BNG apoiou, comprometéndose a afondar nela e a vixiar o seu cumprimento. O BNG é consciente de que esta é unha cuestión a medio e longo prazo, unha cuestión que require un maior apoio social e institucional ao movemento LGTBI nun contexto de desigualdade e discriminación.

Por iso o grupo municipal do BNG solicita ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte

ACORDO

1. Instar á Xunta de Galiza a que, de xeito urxente, acometa a plena aplicación e desenvolvemento da *Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galiza*, en particular:

- a) Dotar o Servizo de apoio e mediación LGTBI, en particular a posta en marcha da liña de atención telefónica permanente ou calquera outra medida análoga para atender todos os casos de consulta, asesoramento ou denuncia de calquera tipo de agresión neste ámbito.
- b) Estabelecer as medidas precisas para garantir que a consellaría competente en materia de cultura impulse e apoie as producións culturais que inclúan a realidade LGTBI e potencie referentes positivos da homosexualidade, bisexualidade, transexualidade e intersexualidade
- c) Implantar mecanismos efectivos de colaboración para garantir a implicación de todos os poderes públicos.

2. Colaborar coa Xunta de Galiza na aplicación efectiva da *Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galiza*, así como coas asociacións, organizacións, colectivos e entidades, para garantir que a práctica deportiva e de actividade física en Galiza se desenvolva en termos de igualdade e sen ningunha discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero.>>

O alcalde abre o turno de intervencións.

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D^a. Vanesa Martínez Duran, di que se absteñen de efectuar comentarios ao respecto.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Jose Carlos Gey Hermo, di que apoian a moción.

A voceira do grupo municipal do BNG, D^a. Adelina Ces Quintáns, apoian a moción.

Sométese a moción recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, sendo **APROBADA** por 9 votos a favor (5 dos membros do BNG e 4 dos do PSdeG-PSOE), abstencións 5 (os dos membros do PP) e cero votos en contra dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.-

3.2.- MOCION DO BNG PARA SUPERAR O MODELO INSTITUCIONAL DO ESTADO ESPAÑOL E RECOÑECER O DEREITO A DECIDIR.-

A) URXENCIA DA MOCIÓN:

A voceira do BNG, Adelina Ces Quintáns xustifica a urxencia na recente abdicación de Juan Carlos I, hito que deu lugar ao replanteamento do modelo de Estado.

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando **Ratificada a urxencia por unanimidade**, cos votos a favor do total de 14 concelleiros presentes (5 dos membros do BNG, 4 dos do PSdeG-PSOE, 5 dos do PP) dos 17 que legalmente constitúen a corporación, polo tanto maioría absoluta.

B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

<< EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O pasado 2 de xuño coñecemos a noticia da abdicación do xefe do Estado español, o rei Juan Carlos I, e a proposta de continuidade do anacrónico réxime monárquico que padecemos. A monarquía é un réxime incompatible cun sistema democrático, un réxime "vitalicio" e "hereditario" establecido "pola graza de Deus" e que supuxo, no caso español, a continuidade co franquismo. Por outra parte, existe nestes momentos unha fonda desafección a unha monarquía inmersa en escándalos de corrupción, con prácticas profundamente antidemocráticas e que deixan en evidencia o seu papel de simples vividores a custa da cidadanía.

Estamos a asistir a unha operación de cosmética para salvar o réxime, sabedor de estar sendo cuestionado pola inmensa maioría da poboación que non se identifica nin se sente representado pola familia real. Nesta conxuntura, ao BNG non lle vale unha simples mudanza de caras que dean continuidade ao réxime unitario e centralista deseñado na Transición e perpetúen a monarquía como símbolo e garante desa unidade. O que a cidadanía galega precisa é liberdade e capacidade para decidir. E nese espazo verdadeiramente democrático, onde se garanta o dereito de autodeterminación dos pobos, non ten cabida ningún rei. Por todo isto, xulgamos importante que se inicie un proceso constituínte, baseado na soberanía dos pobos, onde Galiza sexa referente político.

Nos últimos anos asistimos a un proceso de recentralización política que mingua, aínda máis, a capacidade da Galiza para decidir sobre si propia, sobre os seus sectores produtivos, sobre o seu futuro. E isto, en medio dunha non menos profunda crise do sistema político español, que atinxe todas as institucións que o conforman, nomeadamente a monarquía. Foi esta mesma monarquía a que veu funcionando como principal elemento simbólico dun sistema político que nos nega como nación e que impide o noso libre desenvolvemento como pobo.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte
ACORDO

Instar á Xunta de Galiza a que demande do Goberno do Estado español o inicio dun proceso constituínte onde as nacións sexan o referente político, para garantir o dereito de autodeterminación dos pobos que conforman o Estado español recoñecendo o noso dereito a decidir.>>

O alcalde abre o turno de intervencións.

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D^a. Vanesa Martínez Duran, di que non van a intervenir.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Jose Carlos Gey Hermo, di que esta moción ten un enfoque máis nacionalista fronte a que ten o PSOE de carácter federalista, e comeza retrocedendo a 35 anos cando se estableceu o modelo autonómico actual, que tivo un éxito reseñable internacionalmente e é o que nos levou ata o de agora, permitir un autogoberno das comunidades autónomas, a creación de infraestruturas, o despegue do Estado en xeral pero tamén houbo erros como teñen sido a existencia dunha cámara non

funcional como o senado, unha inxente estrutura administrativa que derivou nunha complexidade xurídica excesiva. Neste intre, xurda a necesidade de replantearse de novo o modelo de estado español que deben ser estudadas para superar este momento, o cal require unha reforma profunda. Continúa dicindo que a dinámica actual non ten que ver coa realidade da que xurdiu a constitución española, hoxe contase coas novas tecnoloxías, coa madurez da cidadanía, co desenvolvemento da sociedade e polo exposto requírese unha evolución posiblemente hacia un estado federal. Non cabe quedarse de brazos cruzados. Procede garantir a igualdade no acceso aos servizos públicos, e atención inmediata a situacións de necesidade e asemade respectar as singularidades autonómicas. Todo ilo na procura dun estado mais democrático, que atenda a cada territorio e así podamos deixar aos nosos herdeiros un Estado mais xusto. Por ilo non respaldaran a moción.

A voceira do grupo municipal do BNG, D^a. Adelina Ces Quintáns, intervén para dicir que as verbas do voceiro do PSOE lle convence aínda mais da necesidade da reforma para o ben do pobo.

O alcalde engade que claro que a moción do BNG é mais nacionalista pero esta claro que prefire que se expoña así, coa liberdade do voceiro do PSOE outro pensamento, dando pé ao debate e, incluso, que se vote como se considere. O Estado monárquico responde a un momento histórico superado, cómpre recuperar o republicanismo aproveitando a abdicación do rei Juan Carlos I e o nomeamento como rei do seu fillo Felipe IV, asemade insiste dentro da posibilidade de escoller a dun posible Estado republicano galego. Di que ben é certo que nin sequera ao pobo catalán se lle permite decidir sobre o seu futuro, como si estivera a considerar o cidadán español como inmaduro non permitíndolle expresarse, por poder nin sequera se lle pregunta. Sabe que a postura do BNG é minoritaria pero debese dar a palabra ao pobo e este momento era o idóneo e non se pode abandonar.

Sométese a moción recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, sendo **REXEITADA** por 9 votos en contra (5 dos membros do PP e 4 dos do PSdeG-PSOE), a favor 5 (os dos membros do BNG) dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.-

3.3.- MOCION DO PSOE RELATIVA Á REFORMA CONSTITUCIONAL.-

A) URXENCIA DA MOCIÓN:

O voceiro do PSOE, José Carlos Gey Hermo xustifica a urxencia baseada no momento histórico da abdicación de Juan Carlos I.

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando **Ratificada a urxencia por unanimidade**, cos votos a favor do total de 14 concelleiros presentes (5 dos membros do BNG, 4 dos do PSdeG-PSOE, 5 dos do PP) dos 17 que legalmente constitúen a corporación, polo tanto maioría absoluta.

B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

<<A recente abdicación do Xefe do Estado e a posta en marcha dos mecanismos institucionais previstos para a Sucesión á Corona abriron un intenso debate social, institucional e cívico sobre a continuidade ou non da Monarquía Parlamentaria e sobre a necesidade de que os cidadáns definan, de novo, o Modelo de Estado para as próximas décadas.

É certo que estamos ante un Pleno Municipal e que o modelo de convivencia no Estado e a Xefatura do mesmo son asuntos tratados noutros ámbitos institucionais, pero non é menos que o Salón de Plenos municipal é a casa de tódolos cidadáns e que o momento, a transcendencia do mesmo e o camiño a seguir no futuro esixen manifestar, con responsabilidade e claridade, a nosa opinión.

A actual Constitución española foi aprobada polas Cortes o 21 de xullo de 1978 tras año e medio de negociacións. O resultado da votación arroxou unha ampla maioría: 258 votos a favor, 14 abstencións (Alianza Popular e ERC), 2 en contra (EE e un deputado de Alianza Popular) tendo abandonado o Hemiciclo os oito deputados do PNV.

Dous meses antes, o 11 de maio, a Comisión Constitucional aprobaba o Artigo Primeiro que establecía a Monarquía Parlamentaria como forma política do Estado. Esta aprobación facíase coa abstención do PSOE, que a través do deputado Gómez Llorente presentou un Voto Particular defendendo a República. Non obstante, como afirmou o deputado na súa brillante intervención, o Partido Socialista aceptaba o Texto Constitucional consciente da transcendencia do momento e sempre e cando a Monarquía fose compatible coa democracia e **“se asente como peza dunha Constitución que sexa susceptible dun uso alterativo polos Gobiernos de dereita ou de esquerda que o pobo determine a través do voto e que viabilice a autonomía das nacionalidades e das rexións diferenciadas”**.

Finalmente, a Constitución era aprobada en Referendum o 6 de decembre, co 87,87% dos votos nunha convocatoria na que se abstivo o 32,8% do censo. A actual Constitución e o consenso político e cidadán arredor do mesmo permitiron, desde aquel día, contar co período de liberdade e democracia mais longo da nosa Historia.

Os 38 anos que pasaron supuxeron o desenrolo de sistemas públicos de dereitos antes inéditos e dunha arquitectura institucional na que as Autonomías cobraron especial protagonismo.

Os socialistas estivemos e continuamos comprometidos con aquel consenso en torno á Constitución Española, pero somos tamén conscientes do momento que vivimos e dos retos que terán de asumir as xeracións presentes e futuras. Hoxe, en medio dunha crese económica e social de envergadura descoñecida, unha parte de aqueles sistemas públicos que formaron parte central do noso acordo constitucional vense desmantelados por políticas que en nada respectan o consenso do 78. O desenrolo das Comunidades autónomas e o mantemento intacto das restantes institucións esixen hoxe un replanteamento do Estado en todas as súas liñas para adecuar o mapa institucional á realidade e para facelo sobre un novo acordo político e cidadán. As tensións territoriais e, en concreto, o desafío secesionista que manteñen hoxe as institucións cataláns esixen algo mais que estratexias políticas de curto alcance.

Finalmente, os cidadáns apelan hoxe á participación nas institucións, a opinar, a decidir, a ser tidos en conta e a ser consultados nas circunstancias mais diversas. Unha maioría do noso país non tivo a oportunidade no seu día de participar no Referendum nin o referendo Constitucional. É obvio que a complexidade do momento, a pluralidade política ó longo destes anos, a madurez democrática da nosa sociedade e a envergadura dos problemas actuais, esixen situar as respostas no ámbito dun novo consenso constitucional, dun novo acordo para a convivencia colectiva.

Durante o último ano, o PSOE propuxo en varias ocasións a necesidade de iniciar un proceso de Reforma da Constitución Española. Somos conscientes de que ese proceso no admite improvisacións e esixe xenerosidade política, plantexamentos rigorosos e participación do conxunto dos cidadáns. Cremos que a maioría dos elementos que permitiron o consenso histórico do 78 seguen vixentes pero pensamos tamén que é imprescindible renovar, desde o debate, o acordo e o referendo cidadán, un acordo desta natureza e que nese debate, acordo e referendo deben engadirse tamén a Forma do Estado.

Polo exposto, o **GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA** presenta a seguinte

MOCIÓN

- 1- O Pleno Municipal acorda enviar ás Cortes Xerais e ó conxunto das forzas políticas parlamentarias a proposta de iniciar un proceso de REFORMA CONSTITUCIONAL, no marco das previsións do propio texto, que alcance á arquitectura institucional (Senado, deputacións, mapa local...), os acordos territoriais y o blindaxe dos dereitos sociais .
- 2- A REFORMA e o consenso constitucional deben alcanzar, así mesmo, a Forma do Estado recollido no Artigo Primeiro do actual texto Constitucional.
- 3- Tal e como está previsto, o proceso de acordo debe ser referendado polo cidadáns nun REFERENDUM>>

O alcalde abre o turno de intervencións.

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D^a. Vanesa Martínez Duran, di que non van a intervir.

A voceira do grupo municipal do BNG, D^a. Adelina Ces Quintáns, di que como non pode ser doutro xeito en tanto se de a palabra ao pobo apoiaran a moción, e polo tanto, ao considerar que esta vai na liña de afrontar a reforma do Estado, que aínda que non coincida co defendido polo BNG, cando menos a apertura desta vía sería aceptable e así se daría a oportunidade de avalíar a continuidade ou non da monarquía, votaran a favor dela.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Jose Carlos Gey Hermo, agradece a mostra de apoio do BNG, vese que o dialogo da os puntos de chegar a un a un consenso, coas discrepancias que cada un estime, pero consenso no básico.

Sométese a moción recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, sendo **APROBADA** por 9 votos a favor (5 dos membros do BNG e 4 dos do PSdeG-PSOE), votos en contra 5 (os dos membros do PP) dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.-

4.- ROGOS E PREGUNTAS

A concelleira Ana M^a Eitor di que lle consta que os veciños de Leiro viñeron a pedir a alcaldía que se limparan as vías e, sen embargo, a resposta que se lle dou é que é da Deputación Provincial, e preguntase se é que o concello non dispón dos medios.

O alcalde responde que si dispón dos medios pero que efectivamente lle compete a Deputación e como deputado provincial pedirá de novo sobre isto. Pero tamén lembra que o outro día acolleuse pola Deputación un proxecto de 3 millóns de euros para ampliar o carril bici na Coruña e que o seu grupo botou en contra. Mágoa que pódase na Coruña recorrer en carril bici mentres os concellos da provincia non poden dedicar eses cartos a necesidades básicas como esta, que co crédito destinado ao mencionado carril bici chegaría para repartir entre cando menos 10 concellos. Por último, lembra á concelleira a entrada en vigor da Lei 27/2013 que atribúe mais competencias ás Deputacións Provinciais e limitou as dos concellos, que ata para a pavimentación ou limpeza de rúas van ser coordinados pola entidade provincial.

Xa este tema aconteceu coa Ponte de Te pero non é competente o concello para facer o traballo en viais provinciais.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 20:46 minutos, de orde da Presidencia, ábrese os ROGOS E PREGUNTAS DO PUBLICO ASISTENTE.

Levántase a sesión ás 20:47 horas, da que se estende a presente acta, do que eu, Secretaria, dou fe.

O Alcalde

A Secretaria

Adolfo F. Muíños Sánchez

Carolina Costoya Pardo